

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2019/20

MATERIA OPTATIVA DE PORTUGUÉS 1º ESO

Conforme ditan as *Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, o profesor encargado da materia decidiu realizar as seguintes modificacións na súa Programación Didáctica do curso actual.

MATERIA E CURSO:	PORTUGUÉS 1º ESO
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE <i>(Estándares de aprendizaxe imprescindibles que debería desenvolver o alumnado para cada materia que servirán de referente para o deseño das actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación que se desenvolvan durante o terceiro trimestre.)</i>	
<p>1- Coñece os pronomes persoais e os posesivos. 2- É capaz de usar os verbos regulares das tres conxugacións no presente. 3- É capaz de facer preguntas sobre datos persoais usando os pronomes interrogativos e é quen de responder a esas preguntas. 4- Sabe preguntar e responder pola nacionalidade e procedencia dunha persoa. 5- Coñece os nomes dos países e nacionalidades máis frecuentes, especialmente aqueles lusófonos. 6- Coñece os números cardinais até 1 millón e é capaz de contar. 6- Coñece o vocabulario dos obxectos da sala de aulas e da escola. 7- Sabe preguntar e dicir a hora e os días da semana. 8- Sabe falar dos horarios da escola 9- Sabe presentarse a outras persoas. 10- Sabe expresar gostos e preferencias (gosto de, adoro, detesto, etc). 11- Conhece o alfabeto portugués e é consciente da existencia de rasgos ortográficos como o til de nasalidade, os acentos grave, agudo e circunflexo. 12- Sabe saudar, despedirse, cumprimentar persoas. 13- Coñece as cores. 14- É consciente da existencia de diferenzas entre as variedades do portugués europeo e o portugués brasileiro. 15- Conhece a existencia dun mundo lusofono alén de Portugal. 16- É capaz de enfrentarse sen estranheza e entender textos escritos en portugués aínda que non entenda todo o vocabulario.</p>	
COMPETENCIAS BÁSICAS <i>(Competencias imprescindibles que debería desenvolver o alumnado para cada materia que servirán de referente para o deseño das actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación que se desenvolvan durante o terceiro trimestre.)</i>	
<p>Entre todas as competencias a Competencia Lingüística é a máis directamente relacionada coa materia optativa de lingua portuguesa de 1º da ESO xa que os coñecementos e destrezas propios desta competencia permiten expresar pensamentos, vivencias e opinións, así como dialogar, xerar ideas, estruturar o coñecemento, dar coherencia e cohesión ao discurso e expresarse de forma oral e escrita. Todos os estándares de aprendizaxe mencionados no primeiro punto fan fincapé na Competencia Lingüística. Alén diso, a Conciencia e Expresión Cultural e a competencia relacionada coas Ciencias Sociais e Cívicas están constantemente presentes nos fragmentos de textos literarios traballados, as lecturas que nos mostran realidades sociais e culturais e as reproducións de obras artísticas que con frecuencia aparecen no material didáctico. Aprender a aprender é unha competencia fomentada durante o curso xa que ao alumnado se lle animou á utilización de distintas fontes de información e a organizar esa información, facer listas de vocabulario. A Competencia Dixital está presente no frecuente uso do computador e da internet para desenvolver as actividades. A Competencia Matemática, que é menos obvia na nosa materia,</p>	

recibiu tamén atención desde a materia de portugués cando se estudaron os números ou conceptos como a metade, a maioría, ou as porcentaxe.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

PRESENCIAL¹:

TELEMÁTICA:

CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN ORDINARIA

(Realizárase sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie o alumnado.)

A cualificación final será a obtida polo alumnado antes da interrupción das clases presenciais.

ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES

NON HAI ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE POR SER UNHA MATERIA OPTATIVA DE 1º ESO

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Os criterios de avaliación e cualificación faranse públicos a través da páxina web do IES Canido.

En Ferrol, a 9 de maio de 2020

Alberto Fernández Díaz
Xefe/a do Departamento

1 No caso de que a situación sanitaria permita a realización de probas presenciais.